

Memoria xustificativa da addenda número 3 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora da estrada a Quintás

1.- Antecedentes.

O 19/11/2022 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora da estrada a Quintás.

Neste convenio a AXI comprometeuse a financiar a actuación ata un máximo de 768.761,65 € con cargo á partida 09.A1 512B.760.0, código de proxecto 2022-00006 dos seus orzamentos e repartido nas seguintes anualidades:

A anualidade 2022 foi xustificada en prazo.

Con data 2 de novembro de 2023 asinouse unha addenda pola que o investimento previsto para 2023 pasouse para 2025, sen modificar o número de anualidades inicialmente previsto.

Con data 9 de outubro de 2024 asinouse unha nova addenda pola que o investimento previsto para 2024 queda a 0 e se distribúe o importe do convenio nunha porcentaxe do 50% entre as anualidades 2025 e 2026, sen modificar o número de anualidades inicialmente previsto.

Anualidade	Importe (€)
2024	00
2025	367.505,82
2026	367.505,83



2.- Razóns de necesidade e oportunidade

O Concello de Cervo solicita con data 21/08/2025 un novo axuste das anualidades de xeito que o importe pendente do convenio se distribúa proporcionalmente en dúas anualidades sen incrementar as inicialmente previstas.

Proponse a seguinte distribución:

2026 367.505,83

2027 367.505,82

Basea a súa solicitude na demora na resolución das autorizacións de Augas de Galicia necesarias e precisas para a execución e remodelación do viario, xa que afectan ao río Xunco.

Augas de Galicia non ditou a previa e necesaria autorización ata o 24/07/2025 e o Concello recibíuna o 29 de xullo.

Ámbalas dúas partes desexan que o obxecto do convenio, a mellora da estrada a Quintás, se poida levar a cabo polo que cómpre tramitar a addenda solicitada que afecta a redacción das cláusulas cuarta, quinta e décimo primeira. Con estas modificacións o importe das obras se distribuirá entre as anualidades 2026 e 2027, cláusula cuarta, se limita a subvención aos investimentos realizados neses anos, cláusula quinta, e se fixa a vixencia do convenio, cláusula décimo primeira.

3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica



O director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias

